

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Edificio administrativo San Caetano
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2016

Estimado Sr. presidente,

Diríxome a vostede en nome da Comisión da Transparencia de Galicia, constituída o pasado 10 de maio de 2016 e que teño a honra de presidir, para poñer no seu coñecemento o seguinte:

A aprobación hai uns meses da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, veu definir as obrigas que todos os entes públicos debemos asumir en materia de transparencia e publicidade da nosa actividade, e avanza na protección real do dereito que a cidadanía ten para acceder á información pública.

Cando falamos de acceso á información nos referimos á posibilidade que ten a cidadanía de tomar coñecemento dos actos de goberno e da documentación que os apoia. Esta posibilidade está intimamente relacionada cunha concepción participativa da democracia, que respecte o eficaz desenvolvemento dos dereitos fundamentais. Ao mesmo tempo ven apoiada por diferentes instrumentos internacionais de protección de dereitos, así como polo ordenamento xurídico estatal e autonómico.

En desenvolvemento desta normativa e coa finalidade de cumprir coa nosa obrigaón democrática, a Comisión da Transparencia de Galicia ven traballando desde hai cinco meses como depositaria do necesario impulso democrático no desempeño das funcións que lle encomenda a Lei 1/2016 no control da transparencia. A nosa misión específica é resolver as reclamacións que a cidadanía nos achega fronte as resolucións de acceso á información pública. É dicir, damos resposta ás persoas que consideran ter sido desatendidas na súa lexítima petición de información ante calquera administración galega.

Desde esta Comisión, concibida como órgano independente de control, tramitamos as reclamacións da cidadanía, substitutivas dos recursos administrativos que nos achegan con

carácter previo á impugnación en vía contencioso-administrativa. Nesta tarefa estamos sometidos ás esixencias previstas na normativa de transparencia, tanto no relativo aos prazos como no deber de dar resposta ás reclamacións.

Esta obriga, porén, ás veces se torna en moi dificultosa. En efecto, no noso curto período de funcionamento temos rexistrado problemas de falta de colaboración que impiden que poidamos realizar o noso traballo cumprindo os prazos que a lei nos esixe. Por iso nos diriximos a vostedes para pedirilles o seu apoio e imprescindible colaboración na consecución do cumprimento efectivo do dereito de acceso á información pública. Sabemos da complexidade que, no eido das organizacións públicas, supón a posta en marcha de novos mecanismos de resposta, pero o silencio, como se ten constatado, é un dos elementos que causa maior indefensión na cidadanía.

Facemos pois unha chamada a camiñar xuntos e, no seu caso, se temos que resolver reclamacións que os cidadáns nos acheguen e que afecten a algún dos departamentos da Xunta de Galicia, gustaríanos contar coa súa inestimable colaboración, por exemplo, para dispor do informe e o contido do expediente de acceso no esixente prazo de dez días previsto na lexislación de procedemento administrativo vixente. Só así poderemos resolver con maior efectividade, coñecendo todos e cada un dos pasos dados.

Non queremos deixalos sos neste proceso de adaptación. Como Comisión brindámoslles todos os nosos recursos para poder solucionar as dúbidas que lles poidan aflorar na resposta á cidadanía. Na actualidade traballamos na creación dun espazo web propio, www.comisiondatransparencia.gal no que publicaremos información útil, recursos, resolucións e ferramentas que, a bo seguro, lles resultarán de utilidade.

Por último pregaríalle que, como presidente da Xunta de Galicia, fixera extensiva esta comunicación a todos os departamentos e entes públicos por vostede representados, agradecendo de antemán a boa acollida e mellor disposición.

Reciba un cordial saúdo en nome dos membros da Comisión da Transparencia

A PRESIDENTA
M^a. MILAGROS OTERO PARGA